

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E RADIO CORUÑA, SL PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DAS MEDIDAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN A ADOPTAR POLA POBACIÓN NAS FASES DE DESESCALADA CONSECUCENCIA DO COVID-19

Santiago de Compostela ,

REUNIDOS

Por unha parte, a **Axencia Turismo de Galicia**, e no seu nome e representación, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

Doutra, María Victoria Gómez Hervada, con DNI nº 32367460C, actuando en nome e representación da empresa **Radio Coruña, SL** con CIF nº B15011950, en virtude de poder outorgado en escritura pública ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D Francisco Manuel Ordoñez Arman, número de protocolo 2.905, de data 2o de decembro de 2019

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas



EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Entre os obxectivos básicos establecidos no artigo 2 dos seus Estatutos atópanse a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora da competitividade das empresas turísticas e a mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional.

O artigo 9 dos devanditos Estatutos, establece as funcións e competencias que ten atribuídas para acadar os citados obxectivos, entre as que se establece a planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, o desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo, e o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade que lle permitan acadar os seus obxectivos

Segundo.- Que Radio Coruña, SL é un grupo de comunicación con implantación na Comunidade Autónoma de Galicia e, no marco das súas actividades, realiza un importante labor de comunicación e difusión social en diversos ámbitos.

Terceiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector turístico, unha adecuada divulgación entre a poboación das medidas e protocolos de seguridade postos en marcha polas administracións en todos os ámbitos para concienciar, educar e difundir entre a poboación a idea de Galicia como territorio seguro dado que unha das claves da fase de recuperación e o establecemento dunha nova normalidade é a conexión da aplicación das medidas de seguridade sanitaria coa recuperación dos mercados e da confianza dos turistas e consumidores.



Cuarto.- Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar mediante unha campaña de difusión e información a través dos medios de comunicación no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é a dar a coñecer aos galegos así como de todos os foráneos que se acheguen a nosa comunidade, as medidas hixiénico- sanitarias e pautas de actuación que debemos seguir nas diferentes situacións da vida cotiá e en cada fase de desescalada cara a normalidade e reforcen a idea de Galicia como destino turístico.

Polo exposto, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración técnica e económica entre a Axencia Turismo de Galicia e Radio Coruña, SL para a difusión dunha campaña informativa das medidas, pautas e protocolos de actuación a adoptar pola poboación nas diferentes fases de desescalada consecuencia do covid-19, a través da plataforma de comunicación da que dispón .

Segunda.- Compromisos das partes

1. Radio Coruña, SL queda obrigada a :

- Emisión dun mínimo de 194 cuñas de 20" nas emisoras deste grupo de comunicación, sobre os aspectos relacionados no obxecto deste convenio no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e ata o **30 de xullo de 2020**.
- Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Axencia Turismo de Galicia para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.



- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
- A relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa administración en base ao establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia Turismo de Galicia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto obre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación (Anexo).

2. Serán obrigas da Axencia Turismo de Galicia:

- Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- Proporcionar á entidade os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información.
- A Consellería comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico na labor de difusión relacionados coas actividades obxecto este convenio.

Terceira.- Orzamento e financiamento

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións recollidas na cláusula anterior, será de 18.000,00€ dedicada aos gastos da actividade , e só cubrirá o custo de realización da actividade.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, proxecto 2015 00012 dos orzamentos xerais da



Comunidade Autónoma Galega para o ano 2020, a favor da entidade, unha vez que achegue as correspondentes facturas xustificativas.

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da Xunta de Galicia e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Cuarta.- Xustificación dos gastos

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Logo da realización das actuacións previstas no obxecto do convenio, a entidade presentará electronicamente coa data límite do **30 de agosto de 2020**, a seguinte documentación xustificativa:

1. Declaración responsable asinada electronicamente da realización do obxecto do convenio
2. Certificación detallada asinada electronicamente pola persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificados coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
3. Unha memoria xustificativa de todas as actuacións realizadas xunto coa documentación acreditativa.

Para percibir o pagamento a entidade, presentará a antedita documentación a través da sede electrónica seguindo as seguintes instrucións:

Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) figura, na guía de procedementos e servizos, o modelo de solicitude co código do procedemento: **PR004A** (ANEXO I: presentación



electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado).

Para a presentación da documentación xustificativa deberán ter en conta os seguintes códigos:

Unidade administrativa	Código unidade
Axencia Turismo de Galicia	A12025020

Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados durante o período de vixencia do convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Axencia Turismo de Galicia, diminuírase proporcionalmente.

A entidade asinante deste convenio responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Quinta.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Sexta.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.



Así mesmo, a entidade acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificación e resolución do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

Novena .- Réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.



Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo primeira.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 30 de setembro de 2020.



En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Por Radio Coruña, SL

Román Rodríguez González

María Victoria Gomez Hervada



ANEXO

AUTORIZACIÓN PARA OBTENER OS CERTIFICADOS DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DAS MEDIDAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN A ADOPTAR POLA POBACIÓN NAS FASES DE DESESCALADA CONSECUCENCIA DO COVID-19

D/D^a con DNI, en calidade de
..... da entidade,

AUTORIZO

Á Axencia Turismo de Galicia a obter de forma directa as certificacións acreditativas de estar ao corrente nos pagamentos coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

(Sinatura)

..... dede

